


Facultade de Filoxía e Tradución
Universidade de Vigo

Comisión de Calidade 05/07/2022



Acta da sesión extraordinaria da Comisión de Calidade da facultade de Filoloxía e Tradución, celebrada o día 5 de xullo na Sala de Xuntas da FFT do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Asistentes:

Presidencia

José Francisco Montero Reguera

Secretaría

María Seijas Montero

Sector profesorado

Inmaculada Báez Montero

Antonio Chas Aguión

Xosé Henrique Costas González

Miguel Cuevas Alonso

María Dolores González Álvarez

Jesús González Maestro

Carmen Luna Sellés

Ana María Pereira Rodríguez

Fernando Ramallo Fernández

Beatriz María Rodríguez Rodríguez

Representate da sociedade

Marta Souto González

Desculpan

Javier de Agustín Guijarro

María del Carmen Cabeza Pereiro

Lourdes Lorenzo García

Rosalía Rodríguez Vázquez

Non asisten

Xosé Enrique Costas González

Martín Urdiales Shaw

José Yuste Frías

Alexia Dotras Bravo (representante persoas tituladas)

Ábrese a sesión ás 9:45.

O decano dálle a palabra a vicedecana de calidade para iniciar a comisión.

1. **Validación, se procede, das guías docentes dos primeiros cursos dos graos Filoloxía Aplicada Galega e Española, Linguas Estranxeiras e Tradución e Interpretación para o curso 2022/2023.**

A vicedecana de calidade agradece ás coordinacións a súa dispoñibilidade na elaboración das guías.

Sométense a validación as guías. Valídanse por asentimento.

2. **Validación, se procede, das guías docentes das materias ODIE para o curso 2022/2023.**

Pide a palabra a directora do departamento de Filoloxía inglesa, francesa e alemá para para preguntar cal é o motivo de que cada vez haxa menos materias ODIE. O decano explica que non hai folgura nos departamentos para ofertar máis materias do programa ODIE.

Sométense a validación as guías. Valídanse por asentimento.

3. **Validación, se procede, das guías docentes do Máster Interuniversitario en Lingüística Aplicada, Máster en Tradución para a Comunicación Internacional, Máster Interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións e Máster en Tradución Multimedia para o curso 2022/2023.**

A vicedecana de calidade agradece ás coordinacións a súa dispoñibilidade na elaboración das guías. Tamén explica que este ano valídanse antes as guías dos mestrados para que estean dispoñibles na web do centro canto antes.

Sométense a validación as guías. Valídanse por asentimento.

4. **Validación, se procede, da resposta ás alegacións recibidas verbo as memorias xustificativa e de modificación/verificación do Grao en Tradución e Interpretación**

O decano explica que se recibiron cinco alegacións da área de Grao e da área de Calidade. Unha foi presentada polo decano da facultade en representación da comisión redactora da reforma porque había algunhas cuestións que non quedaron ben resoltas por falta de tempo. Tamén se recibiron algunhas alegacións presentadas por profesorado da facultade, unhas foron rexeitas xustificadamente e outras non, como se explica na documentación enviada á Comisión de Calidade. O decano pregunta á Comisión de Calidade se queren facer algunha observación. Non hai preguntas nin comentarios.

Sométese a validación. Valídase por asentimento.

5. **Validación, se procede, da memoria xustificativa do Grao en Tradución e Interpretación**

O decano pregunta á Comisión de Calidade se queren facer algunha observación. Non hai preguntas nin comentarios.

Sométese a validación. Valídase por asentimento.

6. **Validación, se procede, da memoria de modificación/verificación do Grao en Tradución e Interpretación**

O decano indica que xa se incorporaron á memoria todas as modificacións derivadas da análise das alegacións. O secretario da facultade sinala que falta o certificado de prácticas que se engadirá na parte na que aparecen as prácticas. O decano pregunta á Comisión de Calidade se queren facer algunha observación. Non hai preguntas nin comentarios.

Sométese a validación a memoria. Valídase por asentimento.

Sen máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 9:56.

Vigo, 05 de xullo de 2022


Visto e praxe do Decano

A secretaria (Vicedecana de calidade)



José F. Montero Reguera

María Seijas Montero



DILIXENCIA

Para facer constar que esta acta foi aprobada na Comisión de Calidade ordinaria do 19/12/2022

A/O Secretaria/o da Comisión de Calidade



María Seijas Montero